

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: constitutiva

NÚMERO: 2023/12

DATA: sábado 17 de xuño de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 12:00 h

HORA DE REMATE: 12:50 h

SECRETARÍA Patricia Sánchez Castelo que redacto esta acta.

ASISTEN

**RIANXO EN COMÚN**

JULIAN BUSTELO ABUIN

JULIO ALCALDE HERMO

ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO

JOSE ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ

OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

**PSdeG-PSOE**

OSCAR RIAL LAGO

MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO

MARÍA ELENA OTERO OTERO

TAMARA GARCIA MUÑÍZ

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

**PP**

JOSÉ LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE

RAMÓN VICENTE VICENTE

ALICIA CAROU ROMERO

MARÍA ELENA ABUIN CAROU

ANTONIO ISORNA VICENTE

**BNG**

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 544.437 exp. 2023/G010/000011

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

SARELA BETANZOS FREIRE

OUTROS ASISTENTE:

VENTURA RUIZ GONZÁLEZ, persoal do departamento de secretaria do Concello de Rianxo

#### ORDE DO DÍA

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE
2. COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.
3. XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS/AS E TOMA DE POSESIÓN
4. ELECCIÓN DA ALCALDÍA
5. XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE
6. DACIÓN DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO E INFORME DE COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS.

#### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000011 e identificado pola pegada dixital:

**a15795ab985ec2d3114c68d23adc131753073d3674e5f65adab8dbfe5cb77afa**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=bH8Ncf08wGQ>**

ACORDOS

## PROPOSTAS ORDINARIAS

### **1 CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE**

Sinalase que de acordo co previsto no artigo 195.2 da LOREG e artigo 37-2 ROF, integran a Mesa os electos de maior e menor idade.

Comeza o chamamento aos electos de maior e menor idade presentes para formar a Mesa de Idade, que será presidida polo maior, sendo Secretaria da Mesa a Secretaria desta Corporación. Así resulta:

#### MESA DE IDADE

Presidencia: D. XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA  
Electo asistente de maior idade.


D. SARELA BETANZOS FREIRE  
Electo asistente de menor idade.

Secretaria:  
D.<sup>a</sup> Patricia Sánchez Castelo

### **2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.**

Compróbanse pola Mesa de Idade as credenciais presentadas coa acta remitida pola Xunta Electoral, figurando as seguintes no expediente desta sesión:

- 1 JULIAN BUSTELO ABUIN
- 2 JULIO ALCALDE HERMO
- 3 ANA VIDAL FUNGUERIÑO
- 4 JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ

- 
- 5 OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO
  - 6 OSCAR RIAL LAGO
  - 7 MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
  - 8 MARÍA ELENA OTERO OTERO
  - 9 TAMARA GARCIA MUÑÍZ
  - 10 ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
  - 11 JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
  - 12 RAMÓN VICENTE VICENTE
  - 13 ALICIA CAROU ROMERO
  - 14 MARÍA ELENA ABUIN CAROU
  - 15 ANTONIO ISORNA VICENTE
  - 16 XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
  - 17 SARELA BETANZOS FREIRE

Asemade a Secretaria informa que os/as electos/as en cumprimento do disposto no número 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, do 21 de abril, achegaron a **declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais.**

Infórmaselles que caso de incorrer nalgunha incompatibilidade haberá de someterse a declaración plenaria, debendo o concelleiro en cuestión optar pola renuncia ao cargo de concelleiro ou á actividade que a ocasiona no prazo de dez días dende aquel momento.

### 3 XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELEIROS/AS E TOMA DE POSESIÓN

A Secretaria da paso ao punto de formulación do xuramento ou promesa de acatamento a Constitución legalmente esixido. Para estes efectos cada un dos/das electos/as a concelleiro/a, a medida que vaian sendo chamados, dirixiranse á Mesa a efectos de presta-lo seu xuramento ou promesa.

A Secretaria explica que o chamamento farase pola orde en que aparecen os electos na acta de proclamación, remitida pola Xunta Electoral de Zona, quedando para o final os membros da Mesa de Idade, tomando posesión a vogal ante o Presidente, e este último ante a Secretaria.

A continuación procedeuse a presta-lo xuramento ou promesa legalmente esixido por cada un dos Sres/as. Concelleiros/as electos/as baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, que se reproduce a continuación:

“Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELEIRO/A, con lealdade o Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Contestando:

- 1 JULIAN BUSTELO ABUIN.- Xura a formula legal
- 2 JULIO ALCALDE HERMO.- Xura a formula legal
- 3 ANA VIDAL FUNGUERIÑO.- Xura a formula legal
- 4 JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ .- Xura a formula legal
- 5 OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO.- Xura a formula legal
- 6 OSCAR RIAL LAGO.- Promete legal a fórmula esixida e engade: un home de verdadeira fe nos ideais que predica co animo de solventar as desventuras do seu pobo camiña cara a vitoria cando poida e como poida
- 7 MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO.- Xura a formula legal
- 8 MARÍA ELENA OTERO OTERO.- Xura a formula legal
- 9 TAMARA GARCIA MUÑÍZ.- Xura a formula legal
- 10 ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA.- Xura a formula legal
- 11 JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE.- Xura a formula legal
- 12 RAMÓN VICENTE VICENTE.- Xura a formula legal
- 13 ALICIA CAROU ROMERO.- Xura a formula legal
- 14 MARÍA ELENA ABUIN CAROU.- Xura a formula legal

## 15 ANTONIO ISORNA VICENTE.- Xura a formula legal

Por último proceden os membros da mesa de idade:

16.- XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA.- Promete legal a fórmula esixida e engade " Si prometo por imperativo legal. É comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Rianxo e do pobo galego."

17.- SARELA BETANZOS FREIRE.- Promete legal a fórmula esixida e engade" Si prometo por imperativo legal. É comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Rianxo e do pobo galego."

### **CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN**

Realizadas as operacións anteriores, a Mesa declara constituída a Corporación, ao concorrer a totalidade dos/das Concelleiros/as electos/as que figuran ao principio desta acta.-

### **4 ELECCIÓN DA ALCALDÍA**

A continuación procederase á elección do titular da Alcaldía.

O Presidente da Mesa cede a palabra á Secretaria co obxecto de que explique o procedemento a seguir para a citada elección.

Dáse lectura ó artigo 196 da LOREX, que establece o procedemento para a elección de Alcalde.

*<<Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento.*

- ✓ Poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- ✓ Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*
- ✓ Se ningún deles obtén esta maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.>>*

O artigo 19 da LBRL remite para a elección do Alcalde á lexislación electoral xeral. O artigo 40 do ROF en similares termos engade: "... sen prexuízo da aplicación das normas relativas ao réxime das sesións plenarias do concello".

Así as cousas a LBRL en relación aos sistemas de votación dedica o artigo 46.2.d), que apunta unicamente as votacións ordinarias, isto é, a man alzada, e as nominais previo chamamento nos casos establecidos.

A secretaria pregunta aos efectos de presentar as correspondentes candidaturas:

Á lista de RIANXO en COMÚN: PRESENTANSE

Á lista do PSOE: PRESENTANSE

Á lista do PP: PRESENTANSE

Á lista do BNG: PRESENTANSE

Quedan PROCLAMADAS AS CANDIDATURAS SEGUINTEs:

- Por RIANXO EN COMÚN: D.º JULIAN BUSTELO ABUÍN
- Por PSOE: OSCAR RIAL LAGO
- Por PP: JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
- Por BNG: XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

A continuación sométese a votación do titular da Alcaldía, sendo o resultado o seguinte:

- Votos Candidato de RIANXO EN COMÚN: 5 VOTOS a favor dos 5 concelleiros/as da lista de Rianxo en Común, e 12 abstencións dos 5 concelleiros/as da lista do PSOE, 5 concelleiros/as da lista do PP, e 2 concelleiros/as da lista do BNG.
- Votos Candidato de PSOE: 5 VOTOS a favor dos 5 concelleiros/as da lista de PSOE, e 12 abstencións dos 5 concelleiros/as da lista do RIANXO EN COMÚN, 5 concelleiros/as da lista do PP, e 2 concelleiros/as da lista do BNG.
- Votos Candidato do PP: 5 VOTOS a favor dos 5 concelleiros/as da lista de PP, e 12 abstencións dos 5 concelleiros/as da lista do RIANXO EN COMÚN, 5 concelleiros/as da lista do PSOE, e 2 concelleiros/as da lista do BNG.
- Votos Candidato do BNG: 2 VOTOS a favor dos 2 concelleiros/as da lista de BNG, e 15 abstencións dos 5 concelleiros/as da lista do RIANXO EN COMÚN, 5 concelleiros/as da lista do PSOE, e 5 concelleiros/as da lista do PP.

O non acadar ningún candidato a maioría absoluta en consecuencia por ser a lista máis votada no resultado das eleccións municipais do 28 de maio queda proclamado Alcalde do Concello de

Rianxo o Concelleiro candidato da lista de RIANXO EN COMÚN, D. Julian Bustelo Abuín.

## **5 XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE**

A Secretaria indica que a continuación procederase a toma de posesión de D. Julian Bustelo Abuín, como novo Alcalde do Concello de Rianxo, mediante a lectura de fórmula legal de xuramento ou promesa de acatamento a Constitución indicada no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril.

“Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE, con lealdade o Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”. e engade: : si prometo.

D. Adolfo Muíños Sánchez faille entrega do Bastón de mando e a secretaria lle indica que proceda a ocupar a Presidencia da sesión, incorporándose os membros da mesa aos seus lugares de concelleiros.

O Alcalde toma a palabra para pronunciar o seu discurso

Alcalde, compañeiros e compañeiras da Corporación, traballadores e traballadoras municipais, veciños e veciñas de Rianxo, amigos e amigas aquí presentes.

Fai hoxe vinte días que se celebraron as eleccións municipais, unhas eleccións nas que Rianxo en Común foi a lista máis votada cun incremento de máis de 900 votos con respecto ás eleccións municipais celebradas no ano 2019. Un apoio que se suma a unha enorme onda de ilusión que nos acompañou durante os últimos meses e que nos trouxo ata aquí, a asumir a responsabilidade de asumir o Goberno de Rianxo durante os vindeiros catro anos.

Ademais, a veciñanza mandounos, ás persoas que dende hoxe formamos parte da Corporación Municipal do Concello de Rianxo, unha mensaxe contundente a través das urnas. Encomendounos a tarefa de facer do diálogo e do traballo conxunto unha ferramenta fundamental e indispensable sobre a que soste a acción de Goberno, unha tarefa que asumimos non só por imperativo, senón tamén por convencemento.

Facémonos hoxe cargo do presente para comezar a construír o futuro do noso pobo, un futuro para todos e para todas. Facémolo orgullosos e orgullosas do traballo feito para chegar ata aquí, así como tremendamente ilusionados polos retos que temos por diante. Facémolo tamén con humildade, conscientes de que estamos de paso e de que máis cedo ou máis tarde este bastón de mando que hoxe recibimos do Alcalde Adolfo Muíños llo entregaremos a quen os veciños e



veciñas lle encomenden a honrosa tarefa de Gobernar Rianxo.

A el, a Adolfo, quérolle agradecer particularmente, e en nome da nova Corporación Municipal, a súa entrega durante estes últimos doce anos, máis de unha década de traballo ao servizo de Rianxo exercido con honestidade, amabilidade e tolerancia, virtudes que lle soubo transmitir ás diferentes corporacións que durante este período se sucederon.

Agradecemento que quero facer extensivo a todas as persoas que nestes últimos anos pasaron por este Salón de Plenos, así como a todos os novos concelleiros e concelleiras que dende hoxe formades parte da Corporación Municipal, un exercicio de compromiso e mesmo de xenerosidade a través dos cal entregades boa parte do voso tempo para traballar, aínda dentro da pluralidade e da diferenza, polo ben común.

Temos por diante a labor de fortalecer, aínda dentro das nosas posibilidades, esta administración, dar cos medios para reforzar a xestión municipal e poñer as bases para garantir o correcto funcionamento dos servizos a medio prazo, en todo o municipio pero en particular nos núcleos máis periférico. Temos por diante tamén a labor de fortalecer a nosa pequena e mediana economía, recuperar o dinamismo das nosas rúas e garantir o desenvolvemento industrial para os vindeiros anos. Temos tamén a obriga de continuar cimentando o camiño cara unha transición ecolóxica necesaria e urxente, facendo desta labor un compromiso transversal á acción de Goberno. Temos por diante, en definitiva, unha axenda intensa e transcendental que debe ser abordada con ese diálogo e con ese traballo conxunto ao que aludía anteriormente.

Para nós, para os concelleiros e concelleiras de Rianxo en Común, a política é esa arte de coidar do común e de protexer os intereses das persoas traballadoras e dos máis vulnerables, no canto desa palabra denostada, sinónimo de falta de honestidade e de egoísmo. Exerzámola pois.

Viva Rianxo!

## **6 DACIÓN DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO E INFORME DE COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS.**

Para rematar a sesión, indícase que de conformidade co indicado no artigo 36 do ROF, elaborouse pola Secretaria xeral un informe relativo á situación do inventario municipal, no que se conclúe:

.../...

### **CONCLUSIÓN**

*De acordo co exposto, e tal e como se apuntaba en informe de secretaría posto a disposición da Corporación no ano 2015 e 2019 , despréndese que, mediante sucesivos acordos plenarios, ou sentencias xudiciais, ten sido modificado ó longo do tempo o documento denominado INVENTARIO MUNICIPAL, pero sen que en ningún caso esas modificacións ser recolleran no documento, algo, por*

outra parte, difícil de levar a cabo habida conta do seu formato.

Así mesmo e a pesar de que se recibe un novo inventario en data de 23 de marzo de 2018, inventario redactado pola empresa INCOSA-SUMMA UTE FASE 5 LA CORUÑA , o mesmo non está aprobado polo Concello.

A presente secretaria descoñece porque non se tramitou a aprobación deste documento ante o pleno do concello de Rianxo Así mesmo sulíñase que, sen prexuízo de que o Inventario de Camiños non chegase a aprobarse definitivamente, á luz da normativa citada debe obrar no Concello un único inventario no que se integren todos os bens do Concello, debendo coordinarse nun único documento os traballos realizados ata o momento.

Así debe subliñarse a necesidade de proceder a unha pronta solución desta situación, que, en definitiva, non permite ter un coñecemento claro dos bens que pertencen a Corporación a efectos da súa protección, uso, cesión ou alleamento.

Do contido do presente informe pódese concluír que non resulta posible por esta Secretaría tomar as medidas precisas para que o día de constitución da nova Corporación se poida efectuar a comprobación a que se refire o artigo 36 do ROF, sen prexuízo de que o Pleno da Corporación, en base as competencias que lle outorga o Regulamento de Bens, decida o que estime oportuno.

Por outra banda pola Tesoureira INTERINA de Fondos Municipais, elaborouse a acta de arqueo esixida pola normativa e cuxo contido é o seguinte:

ACTA DE ARQUEO CAMBIO CORPORACIÓN // 16 DE XUÑO 2023

Exercicio contable

Ano 2023

TESOURERÍA

Nº Ord e	Conta		Nº Conta	Descrición	Saldo en Bancos
1		201	ES33-0030-6157-1908-9713-3271	BANCO SANTANDER SA	65.932,99 €
2		203	ES48-0238-8197-5406-6000-0576	BANCO POPULAR	11.218,74 €
3		217	ES52-2080-0310-5231-1000-0131	ABANCA INGRESOS RECADACIÓN	11.240,25 €
4		218	ES02-0049-2933-2029-1402-2451	BANCO SANTANDER SA	0,00 €

5		216	ES98-2080-0310-5031-1000-1050	ABANCA -REMESAS Q 19	539.010,56 €
6		215	ES75-2080-0310-5431-1000-0104	SUBVENCIÓN -PAGOS-NÓMINA	420.367,50 €
7		220	ES80-2080-0310-5531-1000-1032	OPERATIVA-ABONO CRR	197.735,62 €
8		222	ES86-0049-2933-2920-1402-2876	BANCO SANTANDER SA	0,00 €
10		224	ES68-2100-4694-9102-0001-9992	OPERATIVA ABONO CRR	40.629,30 €
11		219	ES97-2100-4694-9002-0008-3636	FIANZAS	11.533,56 €
12		223	ES98-2100-4694-9602-0000-6500	LA CAIXA- INGRESOS DIRECTOS	206,99 €
13		401	ES56-0081-2197-1500-0108-9310	SABADELL.	924.164,93 €
16		803	ES56-2080-0310-5131-1000-1078	ABANCA	687,06 €
					2.222.727,50 €

*Sendo as 14.10 horas e podendo producirse cambios no día de hoxe debido a novas operacións realizadas posteriores a firma acta.*

A TESOUREIRA O ALCALDE

A INTERVENTORA